

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Óscar Vilar Chento, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz adxunto e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

O modelo de política sanitaria da Xunta de Galicia, xunto coa levada a cabo no seu momento polo Goberno de Rajoy, provocou e segue a provocar, un deterioro progresivo do sistema sanitario de Galicia.

Un progresivo deterioro que onde máis se está a manifestar e na atención primaria do rural. Unha atención primaria que nos últimos tempos vén sendo obxecto de debate e discusión por parte dos axentes implicados no deseño e implantación das políticas sanitarias, incluído o persoal profesional que traballa no sistema.

Os distintos recortes que soportan estes servizos básicos tradúcense na nula cobertura das ausencias, motivadas por permisos, vacacións, e baixas por incapacidade laboral que sofren os colectivos profesionais titulados, provocando todo isto un considerable empobrecemento na calidade do servizo.

Todos estes feitos indican que nos atopamos ante unha ineficiente xestión en termos de recursos materiais e humanos, froito, como xa se indicou, das políticas implantadas e levadas a cabo no últimos anos polo Goberno Feijóo.

Unha ineficiente xestión que dá lugar a numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, para logo ser o xerme dun foco continuo de protestas e manifestacións. As cales, en moitos casos, obrigan ao Goberno da Xunta a recuar, como o recente exemplo do anuncio da reapertura do paridoiro de Verín.

Esta problemática da deficiente atención primaria, que afecta en xeral a todo o que vive e reside no rural galego, tampouco é allea á comarca de Compostela. Unha comarca que nos últimos tempos sofre este continuo recorte de servizos nos seus respectivos centros de saúde. Especialmente nos servizos de atención pediátrica, como se puxo de manifesto moi recentemente nos concellos de Touro e O Pino nos que o Sergas mantivo pechado “de facto” o servizo pediátrico



durante máis de dous meses ao negarse a cubrir a baixa da pediatra titular tras sufrir esta un proceso de incapacidade temporal.

Aínda que o caso de Touro e O Pino é o máis recente e notorio non é o único. Estes recortes nos servizos de pediatría danse de forma recorrente e ano tras anos, entre outros, nos centros de saúde dos concellos da Baña, Vedra, e Val do Dubra.

Un problema repetido no tempo que causa malestar entre a cidadanía, a cal demanda solucións.

Houbo distintos procesos de mobilizacións, hai máis programados, están rexistradas varias queixas por escrito dos usuarios que, tamén, demandan a cobertura destes servizos ás distintas corporacións locais e alcaldes.

Unha das últimas reclamacións é a do alcalde da Baña, José Antonio Pereira, solicitando por escrito á xerente da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza, Eloína Núñez Masid, e ao responsable da Dirección Primaria, Felipe Calle Velles, poñer fin a este tipo de recortes. Misiva, que a día de hoxe segue sen recibir resposta por parte de ningún responsable da Consellería de Sanidade.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1ª) Garantir a correcta e plena asistencia sanitaria nos servizos de atención primaria para toda a comarca de Compostela, especialmente nos servizos de pediatría dos distintos centros de saúde.

2ª) Atender as solicitudes que trasladen os distintos usuarios, alcaldes/as, así como as das corporacións locais, co fin de aclarar as situacións, ante futuras problemáticas, e ofrecer sempre información sobre as medidas que a consellaría levará a cabo.

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**





**Oscar Vilar Chento na data 22/01/2020 10:47:44**

**Julio Torrado Quintela na data 22/01/2020 10:48:43**

**Noela Blanco Rodríguez na data 22/01/2020 10:49:00**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/01/2020 10:49:17**

